



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza insta ao resto de grupos municipais a darlle continuidade ás concentracións veciñais en defensa dunha atención sanitaria digna

Arredor de 300 persoas acudiron á convocatoria deste luns diante do Centro de Saúde de Cuntis para reivindicar unha atención sanitaria digna. A proposta de Veciñanza, asumida e apoiada polo resto de grupos da Corporación, foi secundada polos veciños e veciñas que acudiron ao chamado. En opinión de Santi Martínez, é unha mensaxe clara á Consellaría de Sanidade: 'non imos seguir tolerando este desprezo'.

Cuntis, 16 de abril de 2018. Este luns tivo lugar, á unha da tarde, a concentración veciñal convocada polos catro grupos políticos da Corporación Municipal de Cuntis en defensa dunha 'atención sanitaria digna'. Arredor de 300 persoas demostraron coa súa presenza o acertada que é a medida e a indignación colectiva que o deterioro da prestación sanitaria está a causar no municipio cunticense. Durante a concentración tomaron a palabra o Alcalde Manuel Campos e o voceiro de Veciñanza Santi Martínez, que agradeceu aos/ás presentes a súa participación e anunciou que instarán ao Grupo de Goberno a darlle continuidade a estas mobilizacións, xa que a resposta veciñal indica o alto grao de apoio na defensa dunha atención sanitaria digna, tal e como reza a pancarta que leva meses colocada ás portas do centro de saúde.

Logo de trasladar a situación aos representantes dos catro grupos parlamentares no mes de novembro, e logo de solicitar en repetidas ocasións unha reunión co Conselleiro de Sanidade, existe consenso absoluto entre os catro grupos municipais arredor do desprezo que a Xunta de Galicia e o Sergas están a adicarlle aos veciños e veciñas de Cuntis. Ademais, os problemas no servizo de atención primaria da nosa vila repercuten no PAC de Caldas, que acotío ten que atender urxencias derivadas da longa lista de espera existente en Cuntis. A elección precisamente do luns para a realización desta convocatoria ten o carácter simbólico de ser o día no que o Centro de Saúde conta coa ausencia fixa dun dos facultativos que presta servizo; esta situación repítese e débese a unha circunstancia previsible pero a Consellaría de Sanidade négase a buscarlle solución.

Veciñanza interpreta boa asistencia veciñal como unha mensaxe clara ao Conselleiro de Sanidade, e que se traduce en que non se vai seguir consentindo o deterioro da prestación sanitaria en Cuntis. A concentración de hoxe supón un punto de inflexión e o voceiro Santi Martínez xa anunciou que instarán ao Alcalde e ao Grupo de Goberno a buscar as fórmulas para darlle continuidade á mobilización.

